

Hoxe 20N vimos a celebrar a mellor acción que Franco puido facer por España: morrer. Aínda así, non olvidamos que morreu na súa cama, tranquilo e deixando unha herdanza de estado fascista que foi recollida cos brazos abertos polos políticos que hoxe intentan gobernar os e o seu rei.

Festexamos a morte dun asasino que por desgracia segue sendo ensalzado na nosa sociedade co permiso de quen seguen tendo os privilexios que no seu día lles proporcionou unha dictadura de máis de 40 anos, disfrazada hoxe en día de transición e democracia.

Primo de Rivera, sen embargo, foi ajusticiado debidamente na cárcere na que estaba detido e elevado á categoría de icono na dictadura franquista.

Déspotas que loitaban polos seus intereses e odiaban a diversidade do pobo español, que loitaban por manter os privilexios duns poucos a cambio da desgracia e da morte na miseria dunha maioría.

Hoxe vimos tamén a honrar a aquelas persoas valentes das que nos despedimos un 20N que de verdade creían na riqueza do noso país: a súa xente.

Durruti, gran defensor da liberdade. Revolucionario anarquista que morre apoiando ao pobo contra o fascismo. Dando ata o seu último alento ao lado de valentes que creían nunha España mellor.

Santi Brouard, asasinado polos GAL do PSOE de Felipe González por defender as ideas de autodeterminación dunha comunidade represaliada e perseguida dende o comezo da dictadura e ata os nosos días.

Josu Muguruza, cunha gran traxectoria axudando aos exiliados políticos da súa terra. Intentaron borrar a súa voz cun encerro político duns meses pero esta vez o montaxe do estado español non fabricou suficientes probas falsas e saíu libre. Como eles non puideron con él, un grupo de extrema dereita asasinou no mentres ceaba nun restaurante dous anos despois.

Grupos de extrema dereita como os que hoxe recordarán con morriña anos pasados, grupos que non teñen ataque por parte da xustiza do noso país porque o fascismo non é máis que o brazo armado da democracia. Cando o capitalismo non é capaz de manter os privilexios de clase mediante as urnas sempre recorre á dictadura para protexer o libre fluxo de capitales. Isto dáse na España do 36 pero tamén en Alemaña, Italia, Chile ou Arxentina. Cando a democracia non consegue apaciguar as ansias revolucionarias do pobo organizado non ten ningún problema en mudar en fascismo para soste o sistema de dominación.

Para recordarnos os seus privilexios mantidos ata os nosos días, reunímonos diante da Casa Cornide aínda posesión da familia do dictador Franco.

Por todo isto, facemos un chamamento para combatir ao fascismo como realmente pode ser derrotado: dende as rúas e non dende as institucións.

ABAIXO O ESTADO FASCISTA